



O Concello da Estrada en colaboración con Elegal (Abogados- Economistas) organiza a Xornada: **“OS AUTÓNOMOS, AS PEMES E A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA”**.

Coa entrada en vigor da Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas así como a nova Lei de Contratos do Sector Público, as persoas autónomas, as empresas e diferentes colectivos de profesionais viron tornar radicalmente a súa forma de relacionarse coas administracións públicas.

É por iso que desde o Concello da Estrada e en colaboración cos profesionais de Elegal organízase esta xornada, totalmente gratuíta, a fin de abarcar os seguintes temas:

- 1.- **Uso do certificado dixital** en todas as administracións públicas (Concellos, Facenda, Seguridade Social, AGE, Xunta de Galicia).
- 2.- Entrada en vigor da **nova lei de autónomos** e implicacións na vida cotiá das persoas traballadoras por conta propia.
- 3.- Os **puntos de Atención ao Emprendedor** e máis concretamente o punto de atención ao emprendedor na Estrada (simplificación administrativa, acceso rápido a información relevante, axudas etc).
- 4.- **Axudas e subvencións** para autónomos, emprendedores e pemes.

A xornada desenvolverase o **xoves, día 19 de abril a partir das 19,30 horas na Sala de Xuntas do Viveiro de Empresas.**

As persoas interesadas en asistir deben inscribirse no enderezo electrónico aedlconcelloestrada@gmail.com, chamando ao 986 677 740 ou ao 986 570 030 (extensión 4226).

